

Primeiro Trimestre 2023/24

# PROGRAMA ESCOLAR MPG

---

Actividades e obradoiros  
didácticos.  
De Infantil a Bacharelato.

Museo do Pobo Galego



# O FUTURO DUN LEGADO. O MUSEO DE GALICIA.

No primeiro trimestre de curso celebramos o 100 aniversario da fundación do Seminario de Estudos Galegos (SEG), do cal herdamos non só a filosofía de traballo deste grupo de persoas que no primeiro terzo do S.XX estudaron Galicia con perspectiva científica, senón tamén unha parte importante dos fondos que, no seu día, formaron parte do Museo que o propio SEG mantivo aberto nos anos 30.

Para isto, e a partir do 12 de outubro (data de fundación do SEG), poderedes visitar a colección permanente do Museo, de xeito autónomo, a través do itinerario “O futuro dun legado. O museo de Galicia”.

Unha intervención nas nosas salas que vos conducirá por diversas pezas procedentes daquelas coleccións que o Seminario tiña no seu Museo, incluíndo as maquetas de vivendas que hoxendía forman parte da sala de arquitectura do Museo do Pobo. Cada peza, cada documento deste percorrido chega até nós contendo o espírito daquel proxecto truncado pola guerra e a ditadura. Son anacos da nosa Historia e tamén das historias de quen nos precedeu, testemuñas dos logros dunha sociedade e á vez, sementes da proxección desta no futuro.

Destacamos estes elementos cunha luz diferenciadora que vos servirá de guía para localizalos. Xunto as pezas, encontraredes códigos QR cos que poderedes acceder a máis información sobre o vínculo do SEG e o Museo ou sobre datos etnográficos das pezas. Tamén atoparedes bibliografía, fotografías ou documentos audiovisuais que conteñen a voz de persoas ponte entre ambas institucións.

En torno a esta intervención, programamos unha serie de actividades que describimos neste programa. Están diferenciadas coa cor azul.

Para acceder a máis información podedes consultar a [web do Museo](#).

Para visitala pola vosa conta, tedes que seguir as indicacións para concertar as actividades. Están explicadas no final deste documento.

# • INFANTIL e 1º de PRIMARIA.

## A MALETA DA MESTRA.

Que agochará a maleta da nova mestra? Que misterio! Abrímola amodiño e aí está a “horta das nosas letras”, chea de adiviñas, contos e lendas. Despois de recoller, a mestra Josefa Iglesias Vilariño, a primeira en publicar un método de lectura en galego, mostraranos máis tesouros da súa maleta: obxectos gardando unha historia que porá de relevo a importancia do noso patrimonio e cos que descubriremos como naceu o Museo.

- Conducida por Raquel Queizás.
- Dirixida ao último ciclo de Infantil e 1º Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 45 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: en outubro será os mércores 18 e 25 ás 12h30. En novembro, os mércores 8 e 29 e o venres 24, ás 11h. En decembro, os martes 12 e 19 e o mércores 13, ás 12h30.

## COSCOBELLOS... AO CESTO!

Tamén podedes visitarnos de xeito autónomo, é dicir, sendo o profesorado quen dinamice a visita no Museo a través dos nosos materiais. Ofrecémosvos esta dinámica que mestura o conto coa busca de pistas, tendo como protagonista un personaxe moi escorregadizo da nosa **mitoloxía**, o coscobello.

- Dirixida ao último ciclo de Infantil e 1º de Primaria.
- Actividade autónoma dirixida polo profesorado. Prezo: de balde.
- Podedes ver os materiais [premando aquí](#).
- Duración aproximada: 60 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.

## O CICLO FESTIVO

Achegámosvos recursos didácticos **para traballar no voso centro** cos diferentes cursos de Infantil e 1º de Primaria naquel momento do curso que mellor vos conveña. O eixo central son as **festas populares** que celebramos ao longo do ano e nas que poderedes afondar a través de recursos como cancións, deseños tradicionais, refráns ou diferentes ritos asociados.

- Solicitude dos materiais en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- Prezo: de balde.

# • PRIMARIA.

## O CLAN DAS INVESTIGADORAS

Xunto a Raquel Queizás, descubriremos as investigacións levadas a cabo por algunhas das mulleres que formaron parte do Seminario de Estudos Galegos. Viaxaremos a cabalo para recoller historias, contos e lendas da nosa terra, coñeceremos un libriño especial, visitaremos a moura da mámoa e moito máis. Todo, mediante xogos, narración de contos, dramatizacións ou manipulación de monicreques e obxectos.

- Dirixida para 2º, 3º e 4º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 45 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: En outubro será os mércores 18 e 25 ás 11h. En novembro, os mércores 8 e 29 e o venres 24, ás 12h30. En decembro, martes 12 e mércores 13, ás 11h.

## OBXECTOS QUE FALAN

Actividade de descuberta na que o alumnado descubrirá algúns dos obxectos que chegaron até aquí da man do Seminario de Estudos Galegos. Achegaranse a súa historia e experimentarán, de xeito lúdico, algúns dos seus métodos de investigación e recompilación do patrimonio.

- Dirixida a 5º e 6º de Primaria.
- Actividade autónoma mediada polo profesorado a través dos materias que enviamos con antelación. Prezo: de balde.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.

## MUSEO EN TEST

Actividade de busca de información polas salas do Museo baseada nos **xogos de pistas** tipo test, onde o alumnado ten de atopar a solución correcta dentro das opcións que o xogo lle presenta.

- Dirixida a Primaria, de 2º a 6º de Primaria.
- Visita autónoma mediada polo profesorado a través dos materias que enviamos con antelación. Podedes velos aquí. Prezo: de balde.
- Duración aproximada: 60 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.

# • SECUNDARIA e BACHARELATO.

## DE XEIRA POLO MUSEO DO POBO

Actividade de descuberta na que o alumnado seguirá a estela do Seminario de Estudos Galegos. De xeito lúdico, coñecerán a algunhas e algúns membros e as diferentes seccións que integran o SEG, coas que quixeron achegar luz sobre a cultura de Galicia.

- Dirixida ao alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.
- Actividade autónoma mediada polo profesorado a través dos materiais que enviamos con antelación. Prezo: de balde.
- Duración entre 60 e 90 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.

## SABER GALICIA

Actividade comentada para 4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato na que, á vez que destacamos esas pezas que están no Museo froito do traballo de investigación do SEG, indagaremos sobre o seu traballo de investigación e o contexto no que se fraguou, aprendendo sobre o método etnográfico.

- Actividade dinamizada polo DEAC.
- Dirixida ao alumnado de 4º da ESO e Bacharelato.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 70 ct por alumna/o. De balde para centros socios.

## ESCOLA MICE

Unha proposta da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego ao redor do cinema e da etnografía dirixida aos centros escolares.

Escola MICE aborda esta temática dun xeito práctico realizando unha peza curta audiovisual na aula contando co apoio, o asesoramento e sesións formativas nos propios centros impartidas polo persoal da área educativa da MICE Museo do Pobo Galego.

- Dirixida ao alumnado da ESO e Bacharelato.
- Desenvolverémola no voso centro educativo, a partir de outubro e até marzo.
- Prezo: de balde.
- Para saber máis, podedes premer aquí.
- Se queredes formar parte, debedes encher este formulario antes do 9 de outubro. Os datos achegados serán valorados por un comité de selección e, en caso de que o centro sexa seleccionado, contactarémolosvos.

# ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

Ofrecémosvos diferentes actividades autónomas, é dicir, dirixidas polo profesorado a través de materiais que vos enviamos con antelación. Poderedes desfrutar dos contidos da colección permanente a través de diferentes dinámicas adaptadas a cada tramo educativo.

Podedes escoller entre:

1. Museo en test \_\_\_\_\_ Para 1º e 2º da ESO.
2. Quebracabezas temático \_\_\_\_ Para 3º e 4º da ESO e Bacharelato.
3. A fórmula Andrade \_\_\_\_ Para todo o ciclo da ESO.
4. Remuíño de pistas \_\_\_\_ Para centros en intercambio.  
(Dispoñible en castelán, portugués, francés e inglés).

Podedes ver os materiais [pinchando aquí](#).

- Actividades dirixidas polo profesorado. Son de balde mais lembre que o centro debe traer os materiais impresos.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de 30 participantes en cada quenda (agás na *Fórmula Andrade* que o máximo é de 16).
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.
- Aínda que sexan visitas autónomas, sen a mediación do departamento de educación, debedes ter a reserva confirmada a través do correo-e [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

## INFORMACIÓN PARA CONCERTAR A VISITA

- **HORARIO**

Atención telefónica: de martes a venres de 09h30 a 15h.

Atención de grupos en sala: de martes a venres de 11h a 14h.

As actividades libres ou autónomas pódense facer no [horario de apertura do Museo](#).

- **RESERVA DE ACTIVIDADES**

A través deste [formulario](#).

- **PREZOS**

Entradas de balde para estudantes menores de 18 anos. Para estudantes maiores de 18 anos o prezo está reducido a 1'5€.

As actividades co DEAC teñen o coste de 70ct por alumna/o. Son gratuítas para centros socios.

As actividades libres ou autónomas son de balde.



- **DATOS DE CONTACTO**

[servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)



981 583 620 · Tede en conta que moitas veces estamos en sala, polo que a mellor forma de contactarnos é vía correo-e